

X CERTAME GALEGO DE BANDAS DE MÚSICA

BASES

PRIMEIRA.— O X Certame Galego de Bandas de Música terá lugar os días 26 e 27 de novembro de 2016 na Sala “Ánxel Brage” do Auditorio de Galicia en Santiago de Compostela. Poderán participar no X Certame Galego de Bandas de Música as bandas de música federadas de Galicia que o desexen. Os cadros de persoal e instrumentos das bandas serán os que figuren nos censos da Federación Galega de Bandas de Música.

Formarase un Comité Organizador que será o órgano de goberno, administración e coordinación de todos os aspectos do certame e estará formado por membros da directiva da Federación Galega de Bandas de Música Populares de Galicia.

SEGUNDA.— Limitase o número de bandas de música participantes e o seu número de músicos, segundo as distintas categorías a:

- Sección primeira: 5 bandas participantes de máis de 71 músicos.
- Sección segunda: 5 bandas participantes de 51 a 70 músicos
- Sección terceira: 8 bandas participantes ata 50 músicos

Nesta clasificación de seccións inclúese a posible colaboración en cada banda de música de cinco instrumentistas alleos para cada sección.

O número de músicos de cada sección fai referencia ao total de compoñentes de banda incluídos posibles reforzos e sen contar ao director/a.

Ningún músico estará autorizado para actuar en dúas bandas de música inscritas na mesma sección.

TERCEIRA.— Para que unha sección poida ser constituída será necesaria a concorrencia á mesma dun mínimo de dúas bandas. No caso de que só haxa unha banda inscrita nunha sección, dentro do prazo previsto nas bases, instarase a esta banda a participar na sección anterior ou posterior.

CUARTA.— O prazo de inscrición estenderase dende o **15 xuño ao 11 de xullo de 2016**.

As solicitudes, conforme ao modelo anexo a estas bases, serán remitidas **preferiblemente por correo electrónico**.

En caso de non poder utilizar a vía do correo electrónico, admitiranse inscricións por correo postal certificado ou presentación na sede da Federación de luns a venres entre as 10.00 e as 13.00 h.

A Federación remitirá conformidade da recepción de cada solicitude mediante correo electrónico ao enderezo indicado na mesma.

A relación das bandas preinscritas será publicada na páxina web da federación www.fgbmp.net antes do 13 de xullo de 2016.

QUINTA.— Rematado o prazo de preinscrición, realizarase un sorteo público ante o presidente do Comité Organizador ou persoa en quen delegue, para establecer as bandas seleccionadas, así como

o orde da súa actuación. Será obrigatoria a asistencia dun representante de cada banda que participe no certame.

O sorteo realizarase o día 15 de xullo ás 10.00 h. na sede da federación, salvo que se notifique con antelación suficiente outra ubicación. En dito sorteo escolleranse dúas bandas que quedarán en reserva para cada sección, e que terán unha praza garantida na mesma sección na que se inscriben no Certame seguinte.

Tras o acto do sorteo e nese mesmo día, facilitaráselles aos representantes de cada unha das bandas seleccionadas a seguinte documentación:

- Unha copia completa da obra obrigada en formato dixital
- Listado de músicos que estean dados de alta nos censos da federación, especificando os que cumpren cos requisitos para participar no Certame Galego.
- Listado dos instrumentos que achega a Organización, só para a obra obrigada.
- Normas de funcionamento

SEXTA.- Antes do día 10 de agosto de 2015, as bandas seleccionadas entregarán a seguinte documentación:

- PDF da partitura xeral da obra de libre elección.
- PDF da partitura xeral do pasodobre de presentación.
- Fotografía recente da banda e do director en soporte informático (formato JPG).
- Breve reseña da banda e currículo do director (en galego). Presentarase en soporte informático (formato .doc, .docx ou .odt), máximo 1.500 caracteres cada un.

Antes do día 31 de outubro as bandas comunicarán por correo electrónico:

- Listado de músicos de reforzo por correo electrónico, indicando no mesmo nome completo, nº de DNI e instrumento de cada un deles. Estes datos poderán ser modificados ata antes do inicio da actuación de cada formación sempre que se realice solicitude á Federación por email e se reciba resposta confirmando o cambio.
- Movements que realizarán no escenario e calquera outra indicación a ter en conta para a gravación das actuacións.

A non presentación da documentación no prazo sinalado poderá significar a renuncia da banda de música a participar no Certame, coa correspondente sanción establecida na base sétima.

O feito de concorrer a este Certame comporta a cesión á comisión Organizadora dos dereitos de imaxe e son, así como a documentación presentada conforme a estas bases.

SÉTIMA.- Previo ao concurso, interpretarase un pasodobre galego de presentación. Xa en concurso, cada banda de música interpretará unha obra obrigada, proposta polo Comité Organizador, e unha obra de libre elección. As bandas de música interpretarán en primeiro lugar a obra obrigada e a continuación a obra de libre elección.

A Organización non se fai responsable das xestións legais que lles poidan afectar ás bandas de música polo uso das partituras das obras de libre elección e pasodobre.

Tanto no pasodobre como na obra libre, en caso de repetición da obra escollida nunha mesma sección, interpretarase só pola primeira banda que se inscribise (das coincidentes), modificando a elección do seu programa as demais formacións.

A duración das obras de libre elección e os tempos totais de desviación que se lle permite a cada agrupación serán os seguintes:

- Sección primeira: 20 ± 5 minutos
- Sección segunda: 15 ± 5 minutos
- Sección terceira: 10 ± 5 minutos

A duración do pasodobre non poderá exceder en ningún caso de 5 minutos.

O Xurado penalizará con 0'50 puntos por cada minuto que exceda o tempo límite establecido.

O escenario e as instalacións sobre as que se desenvolva o certame serán os mesmos para todas as bandas de música participantes nunha mesma sección. Dita instalación será competencia exclusiva do Comité Organizador e non se poderá introducir modificacións, salvo as que leva a cabo este comité. Será obrigatorio, para todas as bandas, o uso dos instrumentos de percusión que o Comité Organizador dispoña no escenario, para a interpretación da obra obrigada.

Unha vez feito o sorteo de participación, se algunha das bandas finalmente designadas para intervir no Certame non o fixera, quedará inhabilitada para intervir no Certame durante dous anos consecutivos, sen prexuízo da indemnización de danos e prexuízos, que se estiman na contía mínima de 3.000 €, salvo concorrencia de forza maior.

OITAVA.— As bandas de música terán dereito a percibir en concepto de participación, as seguintes cantidades:

- Sección primeira: 2.200 €
- Sección segunda: 1.600 €
- Sección terceira: 1.200 €

NOVENA.- Dentro de cada sección concederáse un primeiro, un segundo e un terceiro premio, (dotados economicamente) ás bandas que acaden a maior puntuación e ás restantes Diplomas de Participación.

DÉCIMA.- O xurado estará composto por tres personalidades do mundo da música de recoñecido prestixio (un deles actuará como presidente/a e os outros dous como vogais) e un secretario/a con voz pero sen voto.

Cada membro con dereito a voto poderá concederlle de 0 a 10 puntos sen fraccións a cada banda de música participante no certame por cada un dos seguintes aspectos:

1. Afinación.
2. Planos sonoros.
3. Calidade sonora.
4. Técnica.
5. Dinámicas.
6. Articulación.
7. Musicalidade.
8. Interpretación xeral da obra.

*Tanto na obra obrigada coma na obra de libre elección. A suma delas determinará os premios correspondentes.

A puntuación final virá dada pola suma dos puntos acadados na interpretación das obras, restándolle os puntos das penalizacións establecidas nas presentes bases e nas normas anexas as mesmas.

A decisión do xurado darase a coñecer, unha vez rematadas as actuacións de todas as bandas de música de cada sección, mediante unha acta que, asinada polos membros do devandito xurado, pasará a coñecemento do Comité Organizador para a súa difusión pública.

DÉCIMO PRIMEIRA.— De acordo co criterio do xurado, concederáselles ás bandas de música que obteñan a máxima puntuación, os seguintes premios:

	1º Premio	2º Premio	3º Premio
• Sección primeira:	2.000 €	1.200 €	700 €
• Sección segunda:	1.800 €	1.100 €	600 €
• Sección terceira:	1.200 €	800 €	500 €

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ou AGADIC establece para cada sección un premio á interpretación dunha obra galega, que segundo o criterio do xurado mereza tal recoñecemento. Este premio estará dotado con:

- Sección primeira: 1.000 €
- Sección segunda: 800 €
- Sección terceira: 600 €

DÉCIMO SEGUNDA.— As bandas de música inscritas interpretarán como obras obrigadas as seguintes:

- Sección primeira: *Sinfonietta das Cantigas* de José Ignacio Blesa Lull
- Sección segunda: *As Lúas* de Juan Pérez Berná
- Sección terceira: *Olimpo dos celtas* de Santiago Barreira Davila

As partituras das obras obrigadas estarán a disposición das bandas interesadas para a súa consulta na sede da Federación Galega de Bandas Música Populares e na web da federación www.fgbmp.net.

DÉCIMO TERCEIRA.— O Comité Organizador adoptará as medidas necesarias para informar, comunicar, enviar e recibir o material das bandas de música participantes no certame.

DÉCIMO CUARTA.— Para o control dos membros das bandas de música establécense os seguintes puntos:

1. Constitúese unha Comisión de Control que estará formada por dous membros designados pola Federación Galega de Bandas de Música Populares e por un delegado observador, de cada unha das bandas participantes no Certame.
2. A Comisión de Control será a entidade competente para controlar e vixiar a composición das agrupacións participantes. Para estes efectos queda plenamente facultada para adoptar cantas medidas sexan oportunas para realizar a tarefa de investigación, vixilancia e control e requirir e solicitar a documentación que estime necesaria das bandas de música

participantes, utilizando así mesmo calquera dato dos listados das agrupacións que posúe a Federación Galega de Bandas de Música Populares.

Poderá formularlle ao Comité Organizador as propostas que considere convenientes, nos supostos de infraccións, descualificacións... aplicándolles a todas as agrupacións o Regulamento de cadros de persoal de bandas de música para os efectos de certames competitivos establecido pola Federación Galega de Bandas de Música Populares.

3. Cada banda de música deberá comparecer cos seus propios músicos, sen reforzarse ou completarse con intérpretes doutras agrupacións musicais, salvo os alleos expresamente permitidos nestas bases. O criterio básico de adscrición dun músico a unha banda de música é pertencer a esta de maneira real e efectiva. Para acreditarlo deberá presentar o seu documento nacional de identidade (DNI), calquera documento acreditativo legal ou aquel válido que lle fose requirido para ser federado (pasaporte, carné de conducir, ...)
4. Todas as bandas de música presentaranse no lugar da actuación, coa antelación suficiente, conforme os horarios que fixe o Comité Organizador. A banda de música que no momento da súa actuación non estea presente no lugar no que se desenvolva o certame quedará eliminada automaticamente.

DÉCIMO QUINTA.— O Comité Organizador tomará as medidas oportunas para asegurar o correcto desenvolvemento do certame. No caso de que algunha proba teña que ser aprazada ou interrompida por causa xustificada, o comité arbitrará as medidas oportunas para o seu posterior desenlace.

DÉCIMO SEXTA.— O Comité Organizador aprobará as normas de funcionamento que serán de obrigado cumprimento e que se incluírán como anexo a estas bases. O non cumprimento das mesmas, dará lugar ás penalizacións establecidas nelas.

DÉCIMO SÉPTIMA.— A sede oficial do Comité Organizador do certame será a da Federación Galega de Bandas de Música Populares.

DÉCIMO OITAVA.— Finalizado o certame, publicarase na páxina web da Federación o resultado obtido por cada agrupación participante.

DÉCIMO NOVENA.— Toda a información do certame poderá ser consultada na páxina Web da Federación Galega de Bandas de Música Populares.

VIXÉSIMA.— As bandas seleccionadas para o X certame, comprométense a realizar un concerto previo ao certame. Este concerto levará a publicidade das institucións e entidades colaboradoras no X Certame Galego de Bandas de Música segundo as indicacións facilitadas pola Federación, e deberá realizarse antes do 30 de setembro de 2016.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.— A inscrición no certame implica a completa aceptación das súas bases. A organización resérvase o dereito a introducir cambios xustificados por causas de forza maior. As decisións tomadas polo Comité Organizador na execución e desenvolvemento das presentes bases e todas aquelas cuestións non previstas resolveranse, en cada caso, de maneira irrevogable polo propio comité.